

Guía para as comisións de selección

Procesos de selección de profesorado permanente (profesorado permanente laboral, profesorado titular e catedrático/a de universidade)

Novembro 2024

Índice

- 1. Constitución das comisións e elaboración dos criterios de valoración de méritos e probas**
- 2. Presentación das persoas candidatas**
- 3. Realización das probas**
 - a. Profesorado permanente laboral e profesorado titular de universidade**
 - b. Catedrático/a de universidade**
- 4. Proposta de provisión ou de contratación**
- 5. Remisión da documentación ao Servizo de Planificación de PDI**
- 6. Baremos para a valoración do currículum vitae das persoas aspirantes**
 - a. Profesorado permanente laboral**
 - b. Profesorado titular de universidade**
 - c. Catedrático/a de universidade**
- 7. Modelos de actas e anexos**

Guía para as comisións de selección

Procesos de selección de profesorado permanente (profesorado permanente laboral, profesorado titular e catedráticos/as de universidade)

1. Constitución das comisións e elaboración dos criterios de valoración de méritos e probas

1. Antes do acto de constitución das comisións de selección, a Vicerreitoría de Profesorado remitirá os nomeamentos correspondentes aos membros das comisións e, tras a publicación das listaxes de persoas aspirantes admitidas, solicitará que os membros das comisións declaren se existe algún conflito de interese ou se concorre neles algunha das causas de abstención establecidas nas normas aplicables a este tipo de procesos. Unha vez resoltas as situacións declaradas, a Vicerreitoría trasladará á persoa que ocupe a presidencia da comisión a relación de membros titulares e suplentes que poden actuar no concurso, co fin de que poida proceder a fixar a data de celebración das probas e a convocar o acto de constitución.

2. A persoa titular da presidencia da comisión, logo de consultar cos restantes membros, convocará os membros titulares e, de ser o caso, os suplentes, para proceder ao acto de constitución da Comisión, con indicación do lugar, a data e a hora.

3. As comisións de selección constituiranse no prazo máximo que se determine na convocatoria, e que non poderá ser superior a tres meses, contados desde o día seguinte á data de publicación da correspondente convocatoria no Diario Oficial de Galicia ou no Boletín Oficial do Estado, segundo o caso. En calquera caso, as comisións de selección non poderán constituírse antes da publicación da lista definitiva de persoas admitidas.

4. O mes de agosto será inhábil para a publicación de convocatorias, presentación de solicitudes de participación en procesos selectivos, publicación de listaxes e cómputo de prazos, así como para a reunión das comisións de selección.

5. Con carácter xeral, a comisión deberá actuar no centro para o que se convoca a praza. Cando un mesmo concurso inclúa prazas correspondentes a diferentes centros, celebrarase no centro que decida a persoa que ocupe a presidencia da comisión.

6. A válida constitución da comisión esixirá a presenza de todos os seus membros. Os membros titulares que non asistan ao acto de constitución serán substituídos polos membros suplentes. No caso de que os suplentes non asistan, a substitución farase co resto de suplentes da comisión, por orde correlativa. De non asistiren o/a presidente/a titular nin o seu suplente, ocupará a presidencia da comisión o vogal de maior categoría e antigüidade. De non asistiren o/a secretario/a titular nin o seu suplente, ocupará a secretaría da comisión o vogal de menor categoría e antigüidade.

7. Unha vez constituída a comisión, os seus membros non poderán ser substituídos. En caso de ausencia da persoa titular da presidencia, asumirá as súas funcións o vogal de maior categoría e antigüidade. En ausencia do/a secretario/a fará as súas funcións o vogal de menor categoría e antigüidade. A válida actuación da comisión requirirá a participación de polo menos tres dos seus membros.

8. No acto de constitución, cada un dos membros da comisión asinará unha declaración responsable de non incorrer en causa de abstención por calquera motivo establecido legalmente ou en conflito de intereses con algunha das persoas aspirantes.

9. No mesmo acto de constitución, e antes de acceder á documentación achegada polas persoas aspirantes, a comisión de selección aprobará e publicará no taboleiro electrónico os criterios de valoración dos méritos así como os criterios para a superación de cada unha das fases e probas de que conste o concurso. Nos concursos que consten de dúas fases (profesorado permanente laboral e titular), a puntuación esixida para superar cada unha delas non poderá ser superior aos 50 puntos. Nos concursos que consten dunha única fase (catedrático de universidade) a puntuación esixida para superar o concurso non poderá ser superior aos 75 puntos.

10. Os criterios de valoración de méritos deberán axustarse aos baremos establecidos para cada tipo de praza no Regulamento de selección de profesorado da Universidade de Santiago de Compostela e que se reproducen no apartado 2 deste documento “*Realización das probas*”.

11. Na constitución da comisión, na aprobación de criterios e no desenvolvemento dos concursos os membros da comisión poderán actuar a través de procedementos telemáticos. En calquera caso, o sistema empregado deberá permitir comprobar en calquera momento a identidade das persoas que participan e garantirlles a estas a posibilidade de acceder á documentación presentada polas persoas candidatas e, no caso de concursos que prevexan a realización de probas orais, o seguimento das probas e a interacción e intercomunicación coas persoas aspirantes e co resto dos membros da comisión. Os/As secretarios/as das comisións de selección deberán facer constar nas actas das distintas sesións que celebren se estas tiveron carácter presencial ou se se celebraron a través de videoconferencia.

12. Nos actos e probas públicas que requiran da participación das persoas aspirantes, no lugar de celebración deberá estar presente, ademais das persoas aspirantes, cando menos o presidente ou o secretario da comisión. Nas actas correspondentes deberase indicar o lugar en que se celebraron as probas e que membros da comisión estiveron presentes xunto coas persoas aspirantes.

13. A comisión deixará constancia da súa constitución a través dunha acta que, unha vez asinada electronicamente polas persoas que ocupen a súa presidencia e a súa secretaría, será publicada no taboleiro electrónico da universidade, xunto cos criterios para a valoración de méritos.

14. Ademais, no acto de constitución, o/a presidente/a deberá informar as persoas candidatas admitidas acerca do acto de constitución e convocalas para o acto de presentación de candidaturas, que deberá ter lugar con posterioridade á constitución da comisión e á aprobación dos criterios de valoración dos méritos e á publicación no taboleiro das correspondentes actas. A convocatoria para o acto de presentación de candidaturas realizarase a través do taboleiro electrónico, e incluírá o lugar, a data e a hora de celebración.

15. As actas deberán ser asinadas unicamente polo/a presidente/a e polo/a secretario/a da comisión de selección. Aceptaranse unicamente a sinatura dixital ou a sinatura manuscrita, pero non poderán mesturarse os dous tipos de sinatura nun mesmo documento.

Para realizar a publicación no taboleiro electrónico da USC é precisa a colaboración do xestor ou xestora do Centro no que se desenvolvan as probas.

16. Nas actas obxecto de publicación no taboleiro electrónico o DNI das persoas aspirantes deberase indicar só de maneira parcial, de acordo coas seguintes indicacións:

- * Publicaranse os díxitos que no formato do documento correspondente ocupen as posicións 4ª, 5ª, 6ª e 7ª (numerados os ditos díxitos de esquerda a dereita).
- * Substituiranse os caracteres alfabéticos e aqueles numéricos non seleccionados para a súa publicación por un asterisco (*) en cada posición.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI ★
TODAS AS CATEGORÍAS	PDI.DECLAR.ABSTENCIÓN (galego)/PDI.DECLAR.ABSTENCIÓN (español)	Non	Si
CATEDRÁTICAS E CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE	CU.1 – Acta de constitución da comisión e convocatoria dos/as candidatos/as ao acto de presentación	Si	Non
	CU.1.ANEXO - Criterios de valoración de méritos	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.1 - Acta de constitución da comisión e convocatoria dos/as candidatos/as ao acto de presentación	Si	Non
	TU.1.ANEXO – Criterios de valoración de méritos	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.1 - Acta de constitución da comisión e convocatoria dos/as candidatos/as ao acto de presentación	Si	Non
	TU-VINC.1.ANEXO – Criterios de valoración de méritos	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.1 - Acta de constitución da comisión e convocatoria dos/as candidatos/as ao acto de presentación	Si	Non
	PPL.1.ANEXO – Criterios de valoración de méritos	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL-VINC.1 - Acta de constitución da comisión e convocatoria dos/as candidatos/as ao acto de presentación	Si	Non
	PPL-VINC.1.ANEXO – Criterios de valoración de méritos	Si	Non

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI.

2. Presentación das persoas candidatas

1. O acto de presentación será público e no transcurso deste as persoas candidatas entregarán á persoa que ocupe a presidencia da comisión o seu *currículum vitae* e a documentación acreditativa dos méritos alegados, de acordo co procedemento formal que sinale a convocatoria. En calquera caso, esta deberá garantir a posibilidade de que a documentación acreditativa poida ser entregada en soporte electrónico.

2. No acto de presentación deberá estar presente, ademais das persoas aspirantes, cando menos o presidente/a ou o secretario/a da comisión. O resto de membros poden actuar telemática ou

presencialmente.

3. Nos concursos correspondentes a prazas de profesorado permanente laboral e de profesorado titular de universidade, as persoas aspirantes entregaranlle ao/a presidente/a, ademais do *currículum* e da documentación acreditativa dos méritos alegados, un proxecto de actividades docentes, que deberá corresponder a unha ou varias materias obrigatorias ou de formación básica da especialidade de coñecemento a que se adscriba a praza, das cursadas para a obtención de títulos de carácter oficial de grao na USC, así como o proxecto investigador que desenvolverán no caso de lles ser outorgada a praza.

4. Nos concursos correspondentes a prazas de catedrático/a de universidade, as persoas aspirantes entregaranlle ao/a presidente/a, ademais do *currículum* e da documentación acreditativa dos méritos alegados, o proxecto investigador que desenvolverán no caso de lles ser outorgada a praza.

5. O proxecto de actividades docentes mencionado no punto 3 deste apartado terá unha extensión máxima de 100.000 caracteres (incluídos espazos) e deberá referirse cando menos aos seguintes aspectos: datos descritivos da materia, sentido da materia no plan de estudos, obxectivos, desenvolvemento do temario, metodoloxía de ensino-aprendizaxe, bibliografía e criterios de avaliación. As persoas aspirantes deberán entregarlle á persoa que ocupe a presidencia unha copia do texto en soporte electrónico a fin de que a comisión poida verificar o cumprimento do requisito relativo á extensión.

6. O proxecto investigador mencionado nos puntos 3 e 4 deste apartado terá unha extensión máxima de 50.000 caracteres (incluídos espazos). As persoas aspirantes deberán entregarlle á persoa que ocupe a presidencia da comisión unha copia do texto en soporte electrónico a fin de que a comisión poida verificar o cumprimento do requisito relativo á extensión.

7. Nos proxectos de actividades docentes e nos proxectos investigadores que incumplan os requisitos de extensión só será tida en conta pola comisión de selección a parte do documento que non exceda da devandita extensión.

8. No acto de presentación a comisión indicará a data, o lugar e a hora de realización das probas, así como, no caso de que haxa máis dunha persoa aspirante, a súa orde de intervención. As probas deberán comezar nun prazo máximo de dez días desde o acto de presentación.

9. O/a secretario/a da comisión garantirá que a documentación entregada polas persoas concursantes poida ser consultada antes do inicio das probas por todas as persoas candidatas presentadas que o desexen.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
CATEDRÁTICAS E CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE	CU.2 – Acta de presentación dos/as candidatos/as	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.2 - Acta de presentación dos/as candidatos/as	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.2 - Acta de presentación dos/as candidatos/as	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.2 - Acta de presentación dos/as candidatos/as	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL-VINC.2 - Acta de presentación dos/as candidatos/as	Si	Non

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo dePDI.

3. Realización das probas

Os resultados de cada unha das fases dos concursos, así como a acta final, faranse públicos a través do taboleiro electrónico.

a. Profesorado permanente laboral e profesorado titular de universidade

Os concursos de prazas de profesorado permanente laboral e de profesorado titular de universidade constarán de dúas probas, ambas de carácter eliminatorio, que serán públicas:

PRIMEIRA PROBA

A primeira proba terá unha valoración máxima de 100 puntos e consistirá na exposición e defensa oral por parte das persoas aspirantes dos seus méritos e historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial.

A exposición non poderá exceder os sesenta minutos, e irá seguida dun debate coa comisión durante un tempo máximo de dúas horas.

No caso de que exista unha única persoa aspirante, a comisión, despois de analizar a documentación presentada por esta, se considera por unanimidade que resulta suficiente para a superación da proba, poderá eximila da exposición oral e posterior debate.

Rematada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.

Concluída a realización da primeira fase, os resultados faranse públicos mediante a publicación da correspondente acta no taboleiro electrónico. Nesta acta indícarase a puntuación outorgada a cada unha das persoas aspirantes en cada un dos apartados do baremo. No suposto de que algunha das persoas aspirantes supere nalgún dos apartados a valoración máxima establecida no baremo, normalizarase a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes no apartado de que se trate.

Na acta correspondente á primeira fase indícarase, ademais da puntuación obtida polas persoas aspirantes, a relación de persoas que pasan á segunda fase e realizarase a convocatoria para a realización do exercicio correspondente. A publicación incluírá a data, a hora e o lugar de celebración, así como a orde de intervención das persoas aspirantes.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.3 – Acta da primeira fase do concurso	Si	Non
	PPL.3 – ANEXO.1 – Valoración de méritos e historial da persoa candidata	Non	Si
	PPL.3-ANEXO.2 – Informe razoado de valoración da 1ª fase	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL-VINC.3 – Acta da primeira fase do concurso	Si	Non
	PPL.3 – ANEX.1 – Valoración de méritos e historial da persoa candidata	Non	Si
	PPL-VINC.3-ANEXO .2 – Informe razoado de valoración da 1ª fase	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.3 – Acta da primeira proba do concurso	Si	Non
	TU.3-ANEXO.1 – Valoración de méritos e historial da persoa candidata	Non	Si
	TU.3-ANEXO.2 – Informe razoado da valoración da primeira proba	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.3 - Acta da primeira proba do concurso	Si	Non
	TU-VINC.3-ANEXO.1 – Valoración de méritos e historial da persoa candidata	Non	Si
	TU-VINC.3-ANEXO.2 – Informe razoado da valoración da primeira proba	Non	Si

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI.

SEGUNDA PROBA

A segunda proba consistirá na exposición oral en sesión pública do proxecto de actividades docentes e do proxecto investigador, durante un tempo máximo de noventa minutos. Seguidamente, a comisión debaterá con cada unha das persoas aspirantes á praza sobre os contidos da súa exposición durante un tempo máximo de dúas horas.

Rematada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.

O proxecto de actividades docentes e o proxecto investigador terán unha valoración máxima de 50 puntos cada un.

Concluída a realización da segunda fase, os resultados faranse públicos mediante a publicación da correspondente acta no taboleiro electrónico. Nesta acta indícarase a puntuación outorgada a cada

unha das persoas aspirantes e a relación de persoas que superan a fase.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.4 – Acta da segunda fase do concurso	Si	Non
	PPL.4.ANEXO.1 – Informe razoado da segunda fase	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL.4 – Acta da segunda fase do concurso	Si	Non
	PPL-VINC.4.ANEXO.1 – Informe razoado da segunda fase	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.4 – Acta da segunda proba do concurso	Si	Non
	TU.4-ANEXO.1 – Informe razoado da valoración da segunda proba	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.4 - Acta da segunda proba do concurso	Si	Non
	TU-VINC.4-ANEXO.1 – Informe razoado da valoración da primeira proba	Non	Si

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI

b. Catedráticos/as de universidade

Os concursos de acceso ao corpo de catedráticas e catedráticos de universidade constarán dunha única proba que será pública, e terá unha valoración máxima de 150 puntos.

A proba consistirá na exposición e defensa oral dos méritos e historial académico, docente, investigador, de xestión e, de ser o caso, sanitario-asistencial de cada persoa candidata, que terá unha valoración máxima de 100 puntos, e do proxecto investigador que desenvolverá caso de lle ser outorgada a praza, que terá unha valoración máxima de 50 puntos.

Esta exposición non poderá exceder os noventa minutos. Seguidamente a comisión debaterá coa persoa candidata sobre os contidos da exposición durante un tempo máximo de dúas horas.

Rematada a proba, cada membro da comisión emitirá un informe razoado e axustado aos criterios de valoración previamente fixados.

Unha vez finalizada esta fase, a comisión fará pública a acta correspondente a través do taboleiro electrónico da universidade. No caso de que nalgún dos apartados algunha das persoas aspirantes supere a valoración máxima establecida no baremo, normalizarase a puntuación obtida por todas as persoas aspirantes no apartado de que se trate.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
CATEDRÁTICAS E CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE	CU.3 – Acta da única proba do concurso	Si	Non
	CU.3.ANEXO.1 – Valoración de méritos e historial da persoa candidata	Non	Si
	CU.E.ANEXO.2 – Informe razoado da única proba	Non	Si

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI

4. Proposta de provisión ou de contratación

1. No prazo máximo de cinco días desde o seguinte ao de finalización das probas, a comisión elaborará unha proposta de contratación ou de provisión, que incluírá a relación de todas as persoas candidatas que sexan consideradas aptas para ocupar a praza, ordenadas pola puntuación final acadada no proceso.

A puntuación final de cada persoa aspirante será o resultado da suma das puntuacións obtidas nas diferentes fases do concurso.

No caso de que ningunha das persoas candidatas atinxa a puntuación mínima establecida nos criterios, a comisión elaborará unha proposta de non provisión.

Esta proposta farase pública no taboleiro electrónico da universidade.

2. Unha vez publicada a proposta, a comisión de selección remitirá o expediente completo á Vicerreitoría de Profesorado, xunto coa xustificación achegada polas persoas aspirantes.

A documentación relativa ao expediente non poderá incluírse no mesmo soporte dixital que conteña os méritos da persoa aspirante, o cal deberá manterse inalterable.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
CATEDRÁTICOS E CATEDRÁTICAS DE UNIVERSIDADE	CU.4 – Puntuación final e proposta de provisión	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.5 - Puntuación final e proposta de provisión	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.5 - Puntuación final e proposta de provisión	Si	Non
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.5 - Puntuación final e proposta de provisión	Si	Non
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL-VINC.5 - Puntuación final e proposta de provisión	Si	Non

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI.

5. Remisión da documentación ao Servizo de Planificación de PDI

Unha vez rematado o proceso selectivo, a documentación sinalada como “enviar a SPPDI” deberá entregarse no Servizo de Planificación de PDI. No caso de que as actas se asinaran con sinatura dixital non é preciso envialas, xa que se poden descargar directamente dende o Servizo. As actas asinadas manuscritas deberán entregarse directamente no SPPDI ou enviarse por correo interno.

Tamén se entregarán empregando o sistema sinalado os informes da primeira e segunda fase ou da fase única debidamente asinados polos membros da comisión, así como o documento de valoración de méritos.

A documentación entregada polas persoas candidatas, ben en formato dixital ou en papel deberá entregarse no SPPDI unha vez finalizado o concurso.

Modelos de actas que se empregarán neste acto:

Categoría	Modelo	Publicar	Envío ao SPPDI *
CATEDRÁTICOS E CATEDRÁTICAS DE UNIVERSIDADE	CU.5 - Remisión de expediente do concurso	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE	TU.6 - Remisión de expediente do concurso	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	TU-VINC.6 - Remisión de expediente do concurso	Non	Si
PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS	PPL.6 - Remisión de expediente do concurso	Non	Si
PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL CON PRAZA ASISTENCIAL VINCULADA AO SERGAS	PPL-VINC.6 - Remisión de expediente do concurso	Non	Si

*No caso de que as actas sexan asinadas manualmente deben ser remitidas ao Servizo de PDI.

Para calquera aclaración contactar co Servizo de Planificación de PDI a través da extensión 11054.

6. Baremos para a valoración do currículum vitae das persoas aspirantes

a. Profesorado permanente laboral

1. Formación académica (máximo de 15 puntos; 10 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Expediente académico
- b) Grao de licenciatura ou proxecto de fin de carreira naqueles estudos que o contemplan no seu plan de estudos
- c) Diploma de estudos avanzados ou suficiencia investigadora
- d) Tese de doutoramento
- e) Outras titulacións de grao e máster ou equivalentes
- f) Premios extraordinarios de titulacións oficiais
- g) Doutoramento europeo ou internacional e outras mencións de calidade

2. Traxectoria investigadora e de transferencia (máximo de 40 puntos; 35 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

2.1. Difusión da actividade investigadora

2.1.1. Publicacións científicas

2.1.2. Participación en congresos e reunións científicas

2.2. Proxectos e contratos de investigación

2.2.1. Participación en proxectos de investigación

2.2.2. Participación en contratos de investigación

2.3. Bolsas e contratos de investigador

2.3.1. Bolsas e contratos pre e posdoutorais obtidos en convocatorias competitivas

2.3.2. Bolsas e contratos pre e posdoutorais con cargo a proxectos e contratos de investigación

2.4. Patentes, produtos con rexistro de propiedade intelectual e outras actividades de transferencia, incluído, nas especialidades de coñecemento en que proceda, o comisariado ou organización de exposicións

2.5. Estadías en centros de investigación ou outras institucións de educación superior

2.6. Outros méritos relacionados coa experiencia investigadora

3. Traxectoria docente (máximo de 40 puntos; 25 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

3.1. Dedicación docente

3.1.1. Docencia en titulacións universitarias oficiais

3.1.2. Docencia en ensino oficial non universitario

3.1.3. Dirección de traballos académicos

3.2. Calidade da actividade docente (avaliacións positivas da actividade docente, elaboración de materiais docentes orixinais, participación en proxectos de innovación docente, etc.)

3.3. Calidade da formación docente (participación ou impartición de actividades de formación docente universitaria, estadías en centros docentes, etc.)

3.4. Outros méritos relacionados coa traxectoria docente

4. Experiencia asistencial (máximo 25 puntos, só para prazas con vinculación asistencial)

5. Outros méritos relevantes para a praza (máximo 5 puntos)

5.1. Participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria

5.2. Mobilidade

5.3. Coñecemento de idiomas estranxeiros

5.4. Acreditación para unha figura de categoría superior á da praza en concurso

5.5. Outros

b. Profesorado titular de universidade

1. Traxectoria investigadora e de transferencia (máximo de 45 puntos; 35 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:

1.1. Difusión da actividade investigadora

1.1.1. Publicacións científicas

1.1.2. Participación en congresos e reunións científicas

1.2. Proxectos e contratos de investigación

1.2.1. Participación en proxectos de investigación

1.2.2. Participación en contratos de investigación

1.3. Bolsas e contratos de investigador

- 1.3.1. Bolsas e contratos pre e posdoutorais obtidos en convocatorias competitivas
 - 1.3.2. Bolsas e contratos pre e posdoutorais con cargo a proxectos e contratos de investigación
 - 1.4. Patentes, produtos con rexistro de propiedade intelectual e outras actividades de transferencia, incluído, nas especialidades de coñecemento en que proceda, o comisariado ou organización de exposicións
 - 1.5. Estadías en centros de investigación ou outras institucións de educación superior
 - 1.6. Outros méritos relacionados coa experiencia investigadora
2. Traxectoria docente (máximo de 45 puntos; 35 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:
- 2.1. Dedicación docente
 - 2.1.1. Docencia en titulacións universitarias oficiais
 - 2.1.2. Docencia en ensino oficial non universitario
 - 2.1.3. Dirección de traballos académicos
 - 2.2. Calidade da actividade docente (avaliacións positivas da actividade docente, elaboración de materiais docentes orixinais, participación en proxectos de innovación docente, etc.)
 - 2.3. Calidade da formación docente (participación ou impartición de actividades de formación docente universitaria, estadías en centros docentes, etc.)
 - 2.4. Outros méritos relacionados coa traxectoria docente
3. Experiencia asistencial (máximo 20 puntos, só para prazas con vinculación asistencial)
4. Outros méritos relevantes para a praza (máximo 10 puntos)
- 4.1. Participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria
 - 4.2. Mobilidade
 - 4.3. Coñecemento de idiomas estranxeiros
 - 4.4. Acreditación ou habilitación para unha figura de categoría superior á da praza en concurso
 - 4.5. Outros

c. Catedrático/a de universidade

1. Traxectoria investigadora e de transferencia (máximo de 45 puntos; 35 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:
- 1.1. Difusión da actividade investigadora
 - 1.1.1. Publicacións científicas
 - 1.1.2. Participación en congresos e reunións científicas
 - 1.2. Proxectos e contratos de investigación
 - 1.2.1. Participación en proxectos de investigación
 - 1.2.2. Participación en contratos de investigación
 - 1.3. Bolsas e contratos de investigador
 - 1.3.1. Bolsas e contratos pre e posdoutorais obtidos en convocatorias competitivas
 - 1.3.2. Bolsas e contratos pre e posdoutorais con cargo a proxectos e contratos de investigación
 - 1.4. Patentes, produtos con rexistro de propiedade intelectual e outras actividades de transferencia, incluído, nas especialidades de coñecemento en que proceda, o comisariado ou organización de exposicións
 - 1.5. Estadías en centros de investigación ou outras institucións de educación superior
 - 1.6. Outros méritos relacionados coa experiencia investigadora
2. Traxectoria docente (máximo de 45 puntos; 35 no caso de prazas con vinculación asistencial). Neste apartado valoraranse, entre outros, os seguintes aspectos:
- 2.1. Dedicación docente

- 2.1.1. Docencia en titulacións universitarias oficiais
- 2.1.2. Docencia en ensino oficial non universitario
- 2.1.3. Dirección de traballos académicos
- 2.2. Calidade da actividade docente (avaliacións positivas da actividade docente, elaboración de materiais docentes orixinais, participación en proxectos de innovación docente, etc.)
- 2.3. Calidade da formación docente (participación ou impartición de actividades de formación docente universitaria, estadias en centros docentes, etc.)
- 2.4. Outros méritos relacionados coa traxectoria docente

- 3. Experiencia asistencial (máximo 20 puntos, só para prazas con vinculación asistencial)
- 4. Outros méritos relevantes para a praza (máximo 10 puntos)
 - 4.1. Participación na xestión académica e na difusión da cultura universitaria
 - 4.2. Mobilidade
 - 4.3. Coñecemento de idiomas estranxeiros
 - 4.4. Outros

7. Modelos de actas e anexos

CORPO: CATEDRÁTICAS E CATEDRATICOS DE UNIVERSIDADE (CU)

DENOMINACIÓN ACTA/ANEXO	CÓDIGO ACTA	VERIF.
Constitución da comisión e convocatoria do acto de presentación	CU.1	<input type="checkbox"/>
Aprobación dos criterios de valoración dos méritos	CU.1.ANEXO	<input type="checkbox"/>
Acta de presentación dos candidatos/as	CU.2	<input type="checkbox"/>
Acta da única proba del concurso	CU.3	<input type="checkbox"/>
Valoración de méritos e historial da persoa candidata	CU.3.ANEXO.1	<input type="checkbox"/>
Informe razoado da única proba do concurso	CU.3.ANEXO.2	<input type="checkbox"/>
Puntuación final e proposta de provisión	CU.4	<input type="checkbox"/>
Remisión de expediente do concurso	CU.5	<input type="checkbox"/>
Modelo de voto particular ou alegación	CU.6	<input type="checkbox"/>
Modelo xeral de acta	CU.7	<input type="checkbox"/>

CATEDRÁTICAS E CATEDRÁTICOS DE UNIVERSIDADE (CU)

Guía-axuda da relación de actos do procedemento de selección para a comisión de selección

RELACIÓN DE ACTUACIÓNS	Publicación Taboleiro Electrónico USC
1. CONSTITUCION DA COMISIÓN E CONVOCATORIA DO ACTO PRESENTACIÓN (CU.1) 1.1 Acto de constitución da comisión 1.2 Acto de aprobación e publicación dos criterios de valoración 1.3 Convocatoria do acto de presentación de candidatura	<input checked="" type="checkbox"/>
2. APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS (CU.1.ANEXO) 2.1 Criterios única proba 2.1.1 Puntuación da exposición oral e debate dos méritos e historial 2.1.2 Puntuación do proxecto investigador	<input checked="" type="checkbox"/>
3. PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS (CU.2) 3.1 Presentación dos candidatos/as 3.2 Chamamento e recepción da documentación do candidato/a 3.3 Data de celebración da única proba 3.4 Prazo para examinar a documentación por as/os aspirante/s 3.5 Instrucións da comisión (de ser o caso) 3.6 Exclusión dos candidatos/as (de ser o caso)	<input checked="" type="checkbox"/>
4. ACTA DA ÚNICA PROBA DO CONCURSO (CU.3) 4.1 Acordo de realización da única proba do concurso 4.2 Presentación e debate dos méritos e historial e do proxecto investigador 4.3 Recepción de informes da única proba do concurso 4.4 Acordo de puntuación e superación da única proba do concurso 4.5 Táboa (1) de puntuacións conseguidas polos candidatos/as 4.6 Táboa (2) de candidatos/as que superaron a única proba	<input checked="" type="checkbox"/>
5. ACTA VALORACIÓN DE MÉRITOS E HISTORIAL DA PERSOA CANDIDATA (CU.3.ANEXO.1)	<input type="checkbox"/>
6. INFORME RAZOADO DE VALORACIÓN DA ÚNICA PROBA (CU.3)	<input type="checkbox"/>
7. PUNTUACIÓN FINAL E PROPOSTA DE PROVISIÓN (CU.4. ANEXO.2)	<input checked="" type="checkbox"/>
8. REMISIÓN DE EXPEDIENTE DO CONCURSO (CU.5)	<input type="checkbox"/>

- **OUTROS MODELOS DE ACTAS COMPLEMENTARIOS** (para o seu emprego, de ser o caso)

MODELO DE VOTO PARTICULAR OU ALEGACIÓN **(CU.6)**

MODELO XERAL DE ACTA **(CU.7)**

SELECCIÓN DE PDI VINCULACIÓN PERMANENTE - MODELOS DE ACTAS E ANEXOS

CORPO: PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE (TU)

DENOMINACIÓN ACTA/ANEXO	CÓDIG O ACTA	VERIF.
Constitución da comisión e convocatoria do acto de presentación	TU.1	<input type="checkbox"/>
Aprobación dos criterios de valoración dos méritos	TU.1.ANEXO	<input type="checkbox"/>
Acta de presentación dos candidatos/as	TU.2	<input type="checkbox"/>
Acta da primeira proba do concurso	TU.3	<input type="checkbox"/>
Valoración de méritos e historial da persoa candidata	TU.3.ANEXO.1	<input type="checkbox"/>
Informe razoado da primeira proba do concurso	TU.3.ANEXO.2	<input type="checkbox"/>
Acta da segunda proba do concurso	TU.4	<input type="checkbox"/>
Informe razoado da segunda proba do concurso	TU.4.ANEXO.1	<input type="checkbox"/>
Puntuación final e proposta de provisión	TU.5	<input type="checkbox"/>
Remisión de expediente do concurso	TU.6	<input type="checkbox"/>
Modelo de voto particular ou alegación	TU.7	<input type="checkbox"/>
Modelo xeral de acta	TU.8	<input type="checkbox"/>

PROFESORAS E PROFESORES TITULARES DE UNIVERSIDADE (TU)

Guía-axuda da relación de actos do procedemento de selección para a comisión de selección

RELACIÓN DE ACTUACIÓN S	Taboleiro Electrónico o USC
1. CONSTITUCION DA COMISIÓN E CONVOCATORIA DO ACTO PRESENTACIÓN (TU.1) 1.1 Acto de constitución da comisión 1.2 Acto de aprobación e publicación dos criterios de valoración 1.3 Convocatoria do acto de presentación de candidatura	<input checked="" type="checkbox"/>
2 APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS (TU.1.ANEXO) 2.1 Criterios 1ª proba (méritos e historial) 2.2 Puntuación de acceso á segunda proba 2.3 Criterios da 2ª proba (P.A.D. e P.I) 2.4 Puntuación mínima de superación da segunda proba	<input checked="" type="checkbox"/>
3 PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS (TU.2) 3.1 Presentación dos candidatos/as 3.2 Chamamento e recepción da documentación do candidato/a 3.3 Prazo para examinar a documentación polo/s aspirante/s 3.4 Acordo de celebración da primeira proba 3.5 Instrucións da comisión (de ser o caso) 3.6 Exclusión dos candidatos/as (de ser o caso)	<input checked="" type="checkbox"/>
4 ACTA DA PRIMEIRA PROBA DO CONCURSO (TU.3) 4.1 Acordo de realización da 1ª proba do concurso 4.2 Exposición e debate dos méritos e historial 4.3 Recepción de informes da 1ª proba do concurso 4.4 Acordo de puntuación e superación da 1ª proba do concurso 4.5 Táboa (1) de puntuacións acadadas polos candidatos/as 4.6 Táboa (2) de candidatos/as que superaron a 1ª proba 4.7 Acordo de convocatoria da segunda proba do concurso	<input checked="" type="checkbox"/>
5 ACTA VALORACIÓN DE MÉRITOS E HISTORIAL DA PERSOA CANDIDATA (TU.3. ANEXO.1)	<input type="checkbox"/>
6 INFORME RAZOADO DE VALORACIÓN DA 1ª PROBA (TU.3.ANEXO.2)	<input type="checkbox"/>
7 ACTA DA SEGUNDA PROBA DO CONCURSO (TU.4) 7.1 Acordo de realización da segunda proba do concurso 7.2 Verificación do cumprimento de requisitos de extensión 7.3 Presentación e debate (PAD e P. INVEST.) 7.4 Recepción dos informes da segunda proba 7.5 Acordo de puntuacións e superación da segunda proba 7.6 Táboa de candidatos que superaron a 2ª proba 7.7 Outros acordos e/ou incidencias	<input checked="" type="checkbox"/>
8 INFORME RAZOADO DE VALORACIÓN DA 2ª PROBA (TU.4. ANEXO.1)	<input type="checkbox"/>
9 PUNTUACIÓN FINAL E PROPOSTA DE PROVISIÓN (T.5)	<input checked="" type="checkbox"/>
10 OFICIO DE REMISIÓN DE EXPEDIENTE DO CONCURSO (TU.6)	<input type="checkbox"/>
▪ OUTROS MODELOS DE ACTAS COMPLEMENTARIOS (para o seu emprego, de ser o caso)	
MODELO DE VOTO PARTICULAR OU ALEGACIÓN (TU.7)	
MODELO XERAL DE ACTA (TU.8)	

SELECCIÓN DE PDI CON VINCULACIÓN PERMANENTE – MODELOS DE ACTAS E ANEXOS CATEGORÍA: PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS

DENOMINACIÓN ACTA/ANEXO	CÓDIGO O ACTA	VERIF.
Constitución da comisión e convocatoria do acto de presentación	PPL.1	<input type="checkbox"/>
Aprobación dos criterios de valoración de méritos	PPL.1. ANEXO	<input type="checkbox"/>
Acta de presentación dos candidatos/as	PPL.2	<input type="checkbox"/>
Acta da primeira fase do concurso	PPL.3	<input type="checkbox"/>
Valoración de méritos e historial da persoa candidata	PPL.3-ANEXO.1	<input type="checkbox"/>
Informe razoado da primeira fase do concurso	PPL.3-ANEXO.2	<input type="checkbox"/>
Acta da segunda fase do concurso	PPL.4	<input type="checkbox"/>
Informe razoado da segunda fase do concurso	PPL.4-ANEXO I	<input type="checkbox"/>
Puntuación final e proposta de provisión	PPL.5	<input type="checkbox"/>
Remisión de expediente do concurso	PPL.6	<input type="checkbox"/>
Modelo de voto particular ou alegación	PPL.7	<input type="checkbox"/>
Modelo xeral de acta	PPL.8	<input type="checkbox"/>

PROFESORAS E PROFESORES PERMANENTES LABORAIS (PPL)

Guía-axuda da relación de actos do procedemento de selección para a comisión de selección

RELACIÓN DE ACTUACIÓNS	Publicación n Taboleiro electrónico o USC
1. CONSTITUCION DA COMISIÓN E CONVOCATORIA ACTO PRESENTACIÓN (PPL.1) 1.1 Acto de constitución da comisión 1.2 Acto de aprobación e publicación dos criterios de valoración 1.3 Convocatoria do acto de presentación de candidatura	<input checked="" type="checkbox"/>
2. APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN DE MÉRITOS (PPL.1-ANEXO I) 2.1 Criterios 1ª Fase (méritos e historial) 2.2 Puntuación de acceso á segunda fase 2.3 Criterios da 2ª Fase (P.A.D. e P.I.) 2.4 Puntuación mínima de superación da segunda fase	<input checked="" type="checkbox"/>
3. PRESENTACIÓN DOS CANDIDATOS/AS (PPL.2) 3.1 Presentación dos candidatos/as 3.2 Chamamento e recepción da documentación 3.3 Data de celebración da primeira fase 3.4 Prazo de examinar documentación polo/s aspirante/s 3.5 Instrucións da comisión (de ser o caso) 3.6 Exclusión dos candidatos/as (de ser o caso)	<input checked="" type="checkbox"/>
4. ACTA DA PRIMEIRA FASE DO CONCURSO (PPL.3) 4.1 Acordo de puntuación e entrega de informes razoados 4.2 Táboa (1) de puntuacións acadadas polos candidatos/as 4.3 Táboa (2) de candidatos/as que superaron a 1ª fase 4.4 Recepción dos Informes razoados da primeira fase 4.5 Acordo de convocatoria da segunda fase do concurso	<input checked="" type="checkbox"/>
5. ACTA VALORACIÓN DE MÉRITOS E HISTORIAL DA PERSOA CANDIDATA (PPL.3- ANEXO I)	<input type="checkbox"/>
6. INFORME RAZOADO DE VALORACIÓN DA 1ª FASE (PPL.3-ANEXO II)	<input type="checkbox"/>
7. ACTA DA SEGUNDA FASE DO CONCURSO (PPL.4) 7.1 Acordo de realización da segunda fase do concurso 7.2 Verificación do cumprimento de requisitos de extensión 7.3 Presentación e debate (PAD e P. INVEST.) 7.4 Recepción dos informes razoados da segunda fase 7.5 Acordo de puntuacións e superación da segunda fase 7.6 Táboa de candidatos que superaron a 2ª fase 7.7 Outros acordos e/ou incidencias	<input checked="" type="checkbox"/>
8. INFORME RAZOADO DE VALORACIÓN DA 2ª FASE (PPL.4-ANEXO I)	<input type="checkbox"/>
9. PUNTUACIÓN FINAL E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN (PPL.5)	<input checked="" type="checkbox"/>
10. OFICIO DE REMISIÓN DE EXPEDIENTE DO CONCURSO (PPL.6)	<input type="checkbox"/>
▪ OUTROS MODELOS DE ACTAS COMPLEMENTARIOS (para o seu emprego, de ser o caso)	
MODELO DE VOTO PARTICULAR OU ALEGACIÓN (PPL.7)	
MODELO XERAL DE ACTA (PPL.8)	



VICERREITORÍA DE PROFESORADO
Colexio de San Xerome • Praza do Obradoiro s/n
15782 Santiago de Compostela
Tífono.: 881 811 005
Correo electrónico: vr.profesorado@usc.gal

Guía para las comisiones de selección

Procesos de selección de profesorado permanente (profesorado permanente laboral, profesorado titular y catedrático/a de universidad)

Noviembre 2024

Índice

- 8. Constitución de las comisiones y elaboración de los criterios de valoración de méritos y pruebas**
- 9. Presentación de las personas candidatas**
- 10. Realización de las pruebas**
 - a. Profesorado permanente laboral y profesorado titular de universidad**
 - b. Catedrático/a de universidad**
- 11. Propuesta de provisión o de contratación**
- 12. Remisión de la documentación al Servicio de Planificación de PDI**
- 13. Baremos para la valoración del currículum vitae de las personas aspirantes**
 - a. Profesorado permanente laboral**
 - b. Profesorado titular de universidad**
 - c. Catedrático/a de universidad**
- 14. Modelos de actas y anexos**

Guía para las comisiones de selección

Procesos de selección de profesorado permanente (profesorado permanente laboral, profesorado titular y catedráticos/as de universidad)

1. Constitución de las comisiones y elaboración de los criterios de valoración de méritos y pruebas

1. Antes del acto de constitución de las comisiones de selección, la Vicerrectoría de Profesorado remitirá los nombramientos correspondientes a los miembros de las comisiones y, tras la publicación de las listas de personas aspirantes admitidas, solicitará que los miembros de las comisiones declaren si existe algún conflicto de intereses o si concurre en ellos alguna de las causas de abstención establecidas en las normas aplicables a este tipo de procesos. Una vez resueltas las situaciones declaradas, la Vicerrectoría trasladará a la persona que ocupe la presidencia de la comisión la relación de miembros titulares y suplentes que pueden actuar en el concurso, con el fin de que pueda proceder a fijar la fecha de celebración de las pruebas y a convocar el acto de constitución.

2. La persona titular de la presidencia de la comisión, luego de consultar con los restantes miembros, convocará a los miembros titulares y, de ser el caso, a los suplentes, para proceder al acto de constitución de la Comisión, con indicación del lugar, la fecha y la hora.

3. Las comisiones de selección se constituirán en el plazo máximo que se determine en la convocatoria, y que no podrá ser superior a tres meses, contados desde el día siguiente a la fecha de publicación de la correspondiente convocatoria en el Diario Oficial de Galicia o en el Boletín Oficial del Estado, según el caso. En cualquier caso, las comisiones de selección no podrán constituirse antes de la publicación de la lista definitiva de personas admitidas.

